



## **DIFERENTES PAÍSES EUROPEOS POÑEN EN MARCHA CURSOS PILOTO CO OBJECTIVO PRINCIPAL DE FACILITAR A INSERCIÓN LABORAL NAS PEMES DE XOVES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.**

**O CESGA participa como partner tecnolóxico do proxecto, a través do seu  
area de e-learning**

**Santiago de Compostela, martes 13 de xaneiro de 2009.-** O Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA, está a participar como partner tecnolóxico, no proxecto YES (Youth Employment Support), un proxecto educativo, financiado pola comisión europea no marco do Programa Sócrates-Leonardo, que se centra na dificultade para atopar emprego por parte dos mozos e mozas que non completan os seus estudos obrigatorios así como grupos con desvantaxes personais ou socioeconómicas.

Deste xeito, esta iniciativa, está orientada ao persoal que selecciona e introduce a candidatos a traballar na empresa, tales como, titores, formadores, instrutores e outros membros senior do persoal que supervisan o traballo dos empregados novos nas PEMES.

Como partner tecnolóxico do proxecto, o CESGA implementou e adaptou un sistema de xestión da aprendizaxe baseado en Software Libre, para que se poidan levar a cabo os cursos piloto a través de Internet. Do mesmo xeito o Cesga tamén creou un entorno de traballo colaborativo virtual para que os diferentes socios integrantes do proxecto poidan compartir documentación, información e comunicarse entre eles.

Este proxecto comprende unha temporalización de posta en práctica que abrangue desde novembro de 2007 a outubro de 2009. Esta iniciativa está coordinada por Die Berater (Austria), e nel participan organismos europeos procedentes de múltiples países, tales como: Meter Silesia (República Checa), Local Mission Agenais and Albret (Francia), Training Centre of the Saxonian Economy (Alemaña), Reflexion Foundation Transfer (Países Baixos), Further Training Centre for the Saxonian Economy (Alemaña), Glotta Nova (Eslovenia) e o Centro de Supercomputación de Galicia (España).



Nestes intres estanse a poñer en marcha cursos piloto para o persoal responsable dos recursos humanos de 56 PEMES (8 en cada país) de forma simultánea en Austria, República Checa, Francia, Alemaña, Países Baixos e Eslovenia. Cada un destes cursos consta de cinco módulos cunha temporalización cada un deles de 3 horas presenciais e 10 horas a través de e-learning. É dicir, a metodoloxía utilizar para impartir a formación é o blended-learning. Os cinco módulos tratan sobre os seguintes aspectos: Perfil do persoal de recursos humanos; Lexislación nacional; Comportamento dos xoves; Habilidades sociais e Aspectos pedagóxicos.

Para máis información sobre o proxecto visinten a páxina web oficial <http://www.youth-employment-support.eu/> ou contacten coa área de e-learning do Cesga escribindo un correo electrónico a [e-learning@cesga.es](mailto:e-learning@cesga.es) ou dirixíndose á coordinadora austríaca [K.Toifl@dieberater.com](mailto:K.Toifl@dieberater.com)